

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

2358 *Real decreto 95/2014, do 14 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 102/2010, do 5 de febreiro, polo que se regula a ordenación das ensinanzas acollidas ao acordo entre o Goberno de España e o Goberno de Francia relativo á dobre titulación de bacharel e de baccalauréat en centros docentes españois.*

O Real decreto 102/2010, do 5 de febreiro, polo que se regula a ordenación das ensinanzas acollidas ao acordo entre o Goberno de España e o Goberno de Francia relativo á dobre titulación de bacharel e de baccalauréat en centros docentes españois, ten por obxecto regular as ensinanzas conducentes á obtención da dobre titulación de bacharel do sistema educativo español e de baccalauréat do sistema educativo francés impartidas en centros docentes españois. O artigo 7 do dito real decreto, relativo á avaliación e cualificación das ditas ensinanzas, establece no seu número 1 como requisito para a obtención da dobre titulación a realización dunha proba externa, que terá lugar ao final do segundo curso de bacharelato e que versará sobre as materias específicas do currículo mixto correspondentes ao dito curso. Este mesmo artigo sinala, no seu número 2, que os exercicios asociados a esta proba deberán ser avaliados por examinadores españois e franceses.

Concluída xa a fase inicial de implantación do programa, unha vez que tivo lugar a primeira edición da mencionada proba externa, e tras ter obtido a correspondente titulación a primeira promoción de alumnos que seguiron estas ensinanzas, os representantes das dúas partes asinantes do acordo, reunidos na Comisión Bilateral de Seguimento prevista no Acordo entre o Goberno de España e o Goberno de Francia, consideraron oportuno amosar a súa vontade de avanzar, dentro dunha nova fase de consolidación do programa, na relación de confianza xa existente, expresando, en consecuencia, a súa disposición a abrir a posibilidade de non considerar necesaria a existencia de contar coa presenza de examinadores de ambos os países como requisito para constituír os tribunais avaliadores.

Na elaboración do presente real decreto foron consultadas as comunidades autónomas a través da Conferencia de Educación, emitiron informe o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, e conta co ditame do Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de febreiro de 2014,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 102/2010, do 5 de febreiro, polo que se regula a ordenación das ensinanzas acollidas ao acordo entre o Goberno de España e o Goberno de Francia relativo á dobre titulación de bacharel e de baccalauréat en centros docentes españois*

Modifícase o número 2 do artigo 7 do Real decreto 102/2010, do 5 de febreiro, polo que se regula a ordenación das ensinanzas acollidas ao acordo entre o Goberno de España e o Goberno de Francia relativo á dobre titulación de bacharel e de baccalauréat en centros docentes españois, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Os exames das materias específicas do currículo mixto realizaranse integramente en lingua francesa, poderán ser escritos e/ou orais e serán avaliados

por un tribunal composto por examinadores españois e franceses, estes últimos só no caso de que o solicite a Administración francesa. En todo caso, a Administración francesa poderá designar observadores que, sen formaren parte do tribunal, velen pola adecuada aplicación dos acordos.»

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo.*

O ministro de Educación, Cultura e Deporte, no ámbito das súas competencias, poderá ditar cantas disposicións requiran o desenvolvemento e a aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de febreiro de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,
JOSÉ IGNACIO WERT ORTEGA